


Se utiliza repelentes

- Empregar só no exterior e durante o tempo necesario.
- Cumprir as instrucións de uso, especialmente o número de aplicacións diarias permitidas.
- Non aplicar en menores de dous anos e ter precaución tamén nos nenos maiores. Nunca nas súas mans por se as leva á boca ou aos ollos.
- Non se aconsella aplicalo sobre a roupa ou directamente na cara (usar as mans), solo sobre pel exposta. Tampouco sobre mucosas, ollos, labios, pel sensible, queimada ou con feridas.
- Cando xa non sexa necesario, lavar ben a pel e roupa con auga e xabón.
- Lave tamén a zona se sofre algunha reacción na pel e, se o cre necesario, busque atención médica.



06 Como actuar se te pica?

Sintomatoloxía da picadura. Son moi molestas, poden ser dolorosas e ocasionar unha reacción alérxica. Vólvese máis visible e dolorosa co tempo. Pode causar prurito, ronchas e molestias ao redor da zona afectada.

Evitar rascar a picadura, lavar con auga e xabón, e usar xeo para reducir a inflamación. En caso de complicacións graves, buscar atención médica.

Viches un mosquito tigre? Avísanos!

Descarga a **app Mosquito Alert** e axuda a estudar por onde se expanden estes mosquitos e predicir a súa diseminación en zonas onde non chegou.



MOSQUITO
ALERT



mosquitoalert.com

Queres saber máis sobre as recomendacións xerais publicadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública?



sergas.gal



CONSELLERÍA
DE SANIDADE

Prevenção e control do mosquito tigre



Depósito legal: C 895-2024

01 que é o mosquito tigre?

É un mosquito de cor negra, de entre 2-10 mm, cunha liña branca dende a cabeza ao tórax e manchas brancas en patas e abdome.

É unha especie principalmente urbana, activa sobre todo durante o día, e que se esconde en zonas sombrías. Difícil de detectar. Móvense cerca do chan e non produce zumbido.

Moito máis agresivo cás nosas especies, pica sempre que pode, sobre todo, nas pernas.

Pode transmitir algunhas enfermidades ás persoas, como o dengue, chikungunya ou zika (estas enfermidades non están presentes en Galicia, salvo casos importados). Aínda que a probabilidade é moi pequena, o control deste mosquito é primordial.

02 Como se realiza a vixilancia de mosquitos?

Realízase a través da Rede Galega de Vixilancia de Vectores (ReGaViVec) dende o ano 2017, coordinada pola Dirección Xeral de Saúde Pública, en colaboración coa Consellería de Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo.

O seu obxecto é coñecer a distribución dos vectores con interese en saúde pública e detectar a posible identificación de mosquitos invasores (aqueles que non son naturais do noso territorio).

A vixilancia realízase principalmente a través da colocación de trampas en lugares estratégicos para a busca activa de adultos, larvas e ovos.



03 Onde se atopa e onde non se atopa?

1. Cría en pequenas acumulacións de auga estancada durante máis dunha semana (platos baixo as macetas, auga dos floreiros, bebedoiros das mascotas,...) e voa preto ao sitio de cría.

2. Nunca deposita os ovos en augas en movemento nin superficies e volumes de auga importantes (máis de 200 litros), como os estanques. Non cría onde a auga se evapora aos poucos días.



04 Como o combatemos?

1. Baleirar cada 3-4 días ou cubrir obxectos ao aire libre que poidan acumular auga (macetas, cubos, cinceiros, pratos de animais domésticos, sifóns, etc.) para evitar a súa reprodución.

2. Cubrir balsas e piscinas, cando non se usen, con lonas que impidan acumular auga.

3. Botar auga de cando en vez nas canaletas, nos desaugadoiros e zonas de drenaxe. Mantelos limpos de restos vexetais. Vixiar os sistemas de rega.

4. Evitar a acumulación de auga en charcos e ocos das árbores tapándoos con terra; e evitar lugares próximos a auga estancada.

05 Evita a súa picada

1. Aplicar repelentes autorizados e activos fronte a este insecto.

2. Utilizar aparellos eléctricos contra insectos e insecticidas para interiores (difusores eléctricos ou nebulizadores).

3. Utilizar mosquiteiros (máis eficaces se están tratados) ou outras barreiras físicas en xanelas, portas e outras aberturas (especial coidado ao durmir e cos carriños de bebé).

4. Usar aire acondicionado ou ventiladores para xerar correntes de aire.

5. Este mosquito soe picar no exterior das vivendas. Usar roupa que cubra a pel, sobre todo, as pernas (manga longa, calcetíns, calzado pechado...), de cores claras e tecidos naturais.

6. Manter unha boa hixiene persoal, xa que a suor e os olores fortes (perfumes, cosméticos...) atraen os mosquitos.

7. Seguir as medidas durante todo o día, especialmente ao amencer e anoitecer.

